



Lectura de textos - LG

A [Biblioteca Nacional de España](#) celebra a sexta edición do Día das Escritoras, unha iniciativa que a BNE organiza en colaboración coa [Federación Española de Mulleres Directivas, Ejecutivas, Profesionales e Empresarias](#) (FEDEPE) e coa [Asociación Clásicas e Modernas](#) co obxectivo de reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia.

Nesta sexta edición, o tema elixido é **Ler as idades da vida**, en torno ao cal xira a selección dos textos e as autoras. Desde a Biblioteca Escolar sumámonos á celebración, uníndonos así á iniciativa das Bibliotecas Escolares de Galicia. Coa lectura deste texto, homenaxeamos este 18 de outubro a estas autoras:

MARILAR ALEIXANDRE (María Pilar Jiménez Aleixandre, Madrid 1947)

Ela mesma fala de si, na súa web: <http://marilar.gal/sobre-min/>



Marilar Aleixandre na [En-Red-Versados](#).

«Teño saudades de todas as cidades e vilas nas que vivín: Ceuta (o limoeiro de lúa que tiñamos no patio); Doña Mencía (ir comer figos ao romper a alba con meu pai); Madrid (o cineclube de Areneros, onde vin por vez primeira «Freaks»); Vigo (as mimosas en flor en decembro); Santiago de Compostela se algún día marchase, e ata outras cidades nas que nunca ou só brevemente vivín: Donostia, Perugia, Boston. Debido a Ramón Facal teño unha relación especial con Toba, Cee e coa Costa da Morte onde están situados moitos dos meus libros como *A formiga coxa* ou *Lobos nas illas*, e pertencín ao Batallón Literario da Costa da Morte. Despois formei parte do consello editorial de *Letras de Cal*, e agora pertenzo ao da revista *Grial*.

Tiven a sorte de recibir unha esmerada educación rockeira asistindo a «Caravana» de Ángel Álvarez a finais dos 60; entre semana estudaba bioloxía e cheguei a ter unha relación bastante intensa cos escaravellos. Nos 70 comecei a ensinar ciencias, e puiden mercar unha moto vermella; despois cheguei a Vigo e **fixenme galega**. Ensinei bioloxía no IES Castelao de Vigo, e Didáctica das Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela. En 2017 ingresei na Real Academia Galega, cun discurso sobre *Voces termando da paisaxe galega*.

Hai quen pensa que as escritoras levamos unha vida aventureira, pero eu non viaxei en trineo polo Ártico, aínda que confío en facelo algún día. Mentres tanto escribo poemas, contos e novelas.

Aprendín a escribir –ademais de lendo vorazmente – redactando panfletos e artigos para revistas de partidos clandestinos (todos, cando eu estudaba). O primeiro relato que escribín, un conto sobre vampiros, foi o xérmolo de “Agardando polos morcegos”, mais tardei en publicar *A formiga coxa*. Despois viñeron, *A expedición do Pacífico* (Premio Merlín e da Crítica de Galicia 1995) alternando con narrativa para adultos, como *Lobos nas illas* (Xerais 1996, en castelán Lumen 2001) ou *O Coitelo en Novembro* (Xerais, 2010). *A Banda sen futuro* recibiu o premio Lazarillo de novela xuvenil en 1999 e o premio Lecturas, e *A Cabeza de Medusa* o premio Fundación Caixa Galicia. Comecei a escribir poesía máis tarde, desde *Catálogo de velenos* (Premio Esquíu, 1998), a *Describindo* (Apiario, 2016).

Son unha viaxeira impenitente, e convén lembrar o proverbio árabe, non hai que confiar nos viaxeiros pois contan moitas mentiras.»



E agora dous textos seus, moi diferentes, pero que dan mostra da variedade da súa obra: un poema do libro *Catálogo de venenos* (1998) e un artigo de opinión publicado no Nós Diario o 24 de setembro de 2021.



TEXTO 1: «Derrotas domésticas»

*Debeu ser moi difícil
degolar as anguias
sen cortar os dedos
arrandearte para que non te cubrisen
as escamas do ollomol
lisca do nó corredío das sabas*

*Nas noites opacas
que batallas contra os garavanzos
medrando disformes na agua que absurda
tarefa
escoller lentellas de arroz
que impotencia
cando o leite fervido vai por fóra
inevitavelmente*

*E se o batifundo das tixolas
non che deixaba oír a música
se o teu francés e alemán
eran inútiles contra a graxa nos fogóns
se os tubos de agua berran como nenos
ou gaivotas e as patacas se pegan
no fondo da tarteira*

*Nai
¿como é que estás sorrindo nas fotos?*



TEXTO 2: «[Cuñados: orgullo de galegofalantes - Nós Diario](#)»

«Cantas ledicias nos dá o cine galego! Pola calidade, os premios acadados, por exemplo por *Nación*, de Margarita Ledo, *O que arde*, de Oliver Laxe, *Ons* de Alfonso Zarauza, *A illa das mentiras*, de Paula Cons; por facernos gozar ás amantes do cine. Gózase de moitas formas, cun drama, cun filme histórico que remove conciencias. No caso de *Cuñados*, de Toño López, escachei a rir durante boa parte da película. Rir é terapéutico, sobre todo en tempos de pandemia e incerteza. O humor fainos máis humanas. Como ocorre coa literatura en galego, a música e outras artes, eu creo que é necesario ampliar o público do cine galego, atraer a cantas máis persoas sexa posíbel. Necesitamos filmes dos chamados de arte e ensaio, e comedias. O costento camiño da normalización da lingua será máis doado se persoas con distintos intereses, con fines diferentes á hora de ir ao cine, teñen onde escoller. A comedia de *Cuñados* é divertida e ademais bo cine, as actrices e, neste caso, os actores que levan o peso da película, o grande Miguel de Lira, Touriñán, Federico Pérez Rey están iluminados. Segundo o director, algunhas das ideas e situacións foron propostas por eles: un traballo colectivo no que transpira que gozaron rodando.

Quería chamar a atención sobre as nenas, as pequenas actrices de *Cuñados*, Antía, filla de Touriñán e Moraima, sobriña (de sangue ou de afectos) de Miguel de Lira. Nenas galegofalantes, nótase ben. Nestes días fíxose viral un vídeo no que Moraima ten unha conversa con Siri a través da tableta. A nena, pacientemente, atende a Siri, repetindo en galego o que a asistente virtual di en castelán: “estou aquí para axudarte”, “puedo ayudarte en algo más?” pregunta Siri, ao que Moraima responde, con toda lóxica: “pois... si, en recoller as cousas”, facendo un aceno en dirección a mochila, xoguetes e roupa estrados polo chan. “Creo que no te entiendo”, di Siri, e Moraima, “Porque eu falo en galego, sabes Siri?” Galegofalante consciente de que lingua fala, de que é diferente da máquina. Nun intre de perigo tanto da transmisión do galego, como da preservación polas nenas e nenos que reciben o galego na casa e corren risco de perdelo na escola –na meirande parte dos casos non polas mestras, senón polas outras crianzas–, o de Moraima e Antía é un exemplo a seguir. E mostra por que demandamos asistentes virtuais e produtos informáticos en galego. Porque, sabes Siri? Eu falo galego e quero seguir falándoo.»